

Asistencialismo ou cambio de estruturas

Xosé Cuns e Luis Barreiro

Sentímolo. Pretender loitar cunha mínima garantía de éxito contra a pobreza e as súas causas implica decidir previamente entre as dúas alternativas que dan título a este artigo.

Por cal opta vostede? E a organización á que adica o seu tempo ou os seus cartos? E a súa parroquia?

Unha das principais causas que están detrás do fracaso rotundo de moitas políticas e programas de inclusión social é non ser conscientes ou pretender agochar esta toma de decisións (ideolóxica e política) que se realiza de facto detrás de palabras moribundas como axudar (aos necesitados ou desfavorecidos), solidariedade, caridadeⁱ, compaixón, apolítica, etcétera.

Unha aclaración. Non vexan nin un asomo de crítica ás persoas que buscan cartos como sexa para pagar custosos tratamentos de seres queridos, nin as que adican o seu tempo ou cartos á axudar aos seus semellantes.

Tampouco ás organizacións para quen estas actuacións son, e así o manifestan, un medio, medidas de emerxencia puntuais mentres seguen a loitar pola dignidade e os dereitos sociais das persoas. Pero é moi distinto, e en moitos casos obsceno, ver como moitas organizacións o converten nun fin en si mesmo, abusando da boa vontade de doantes e voluntarias.

Quizais a RAE nos axude a reformular a pregunta do título e entender a trascendencia desta decisión cos significados do verbo **parasitar**.ⁱⁱ

- 1.Utilizar como alimento a outro ser vivo sen chegar a matalo.
- 2.Aproveitarse das ideas doutra persoa.

Parasitar ás persoas en pobreza ou combatir con elas as causas da pobreza e a desigualdade?. Decidan

Culpables de ser pobres

En España, onde segundo a Comisión Europeaⁱⁱⁱ "A desigualdade entre o 20% máis rico e o 20% máis pobre é unha das máis elevadas da Unión^{iv} e segue crescendo" un 27,9% da poboación atopábase no 2016 en risco de pobreza (12.964.600 persoas). Un risco que se dispara ata o 54% cando falamos dalgunha das 1.754.000 familias monoparentais nas que un adulto (nun 82% dos casos unha muller^v) e o único responsable dos fillos.

En Galicia os indicadores son mellores que no conxunto do estado, pero case 700.000 persoas, o 25.4% da poboación, está en risco de pobreza e/ou exclusión.^{vi}

De continuar coa pasividade, o 80% da infancia que se atopa hoxe na pobreza está condenada a sufrila o resto da súa vida. E tamén os seus descendentes. Chámase transmisión interxeneracional da pobreza.

Convén rachar coa *teoloxía do traballo* e os seus dous principais dogmas^{vii}: nin a recuperación económica ou ter emprego permite saír da pobreza nin a mellor

política social é o emprego. A pobreza xa alcanza a un 14,1% das persoas cun emprego^{viii} e a intensidade laboral (fogares nos que os seus membros traballan menos do 20% do seu tempo dispoñible) apenas diminuíu do 13,8% ao 13,6% entre 2015 e 2016.

Se é pobre, por algo será. Se lle vai mal, será que non se ten esforzado dabondo. En paralelo ás cifras e coma o orballo, o pensamento neoliberal que culpabiliza ao pobre por ser pobre e ao parado por non atopar traballo, vai calando no discurso político.

A clave deste discurso está en *"responsabilizar ao individuo da súa situación nunha sociedade na que as estruturas xeradoras de desigualdade e exclusión quedan absoltas de responsabilidade"*^{ix}.

Todo iso en perfecta consonancia co cambio na concepción dun estado do benestar cada vez máis remitido á concepción individualista da sociedade, do benestar fundado nos logros e na capacidade dos propios individuos. E dicir, en que cada un de nos debe buscarse a vida, ou asumir as consecuencias da nosa incompetencia.

Este discurso triunfa. Agora mesmo o rexeitamento e desprezo ao diferente e o fomento da división e o enfrontamento entre persoas e colectivos en exclusión gaña terreo: *"A culpa da pobreza infantil é dos seus país", "Os xitanos son lacazáns, ladróns ou traficantes", "As persoas sen fogar queren vivir así e son perigosas", "As persoas con discapacidade son unha carga para a sociedade", "Os inmigrantes quítannos o traballo ou a sanidade", "Os mozos, ninis por natureza, non teñen valores ou educación nin aspiracións na vida", "Os parados de longa duración queren vivir das axudas sociais"...*

Estas son algunhas das mentiras e prexuízos que se identificaron no VIII Seminario de Participación e Cidadanía Inclusiva baixo a etiqueta #MentirasPobreza^x e que a maioría das persoas en risco de pobreza ou exclusión teñen que soportar cada vez máis.^{xi} En moitos casos das persoas profesionais ou voluntarias en ONG ou administracións ás que deben acudir.

Defíneo de xeito admirable a filósofa Adela Cortina coa invención da palabra "aporofobia" ou odio ao pobre, e exprésao en Racismo: A patoloxía do odio: *"O núcleo da vida social non o forman individuos illados, senón persoas en relación, en vínculo de recoñecemento mutuo. **Persoas que cobran a súa autoestima desde o respecto que os demais lles demostran.** E, desde esta perspectiva, os discursos intolerantes están a causar un dano irreparable"*^{xii}

Todo para os pobres pero sin os pobres.

"O peor destes prexuízos é cando ti mesmo os cres", dicía Agustín, unha persoa sen fogar neste Seminario que foi unha lección de civismo e tolerancia. *"Comecei a sair da rúa e da pobreza cando deixaron de tratarme coma un zombi e comezaron a tratarme como unha persoa"*, dicía Carlos.

Este discurso político culpabilizador e individualista require zombis para o seu funcionamento. Se unha persoa é culpable da súa desgraza, so pode estar agradecida cando outras persoas de bo corazón, solidarias e caritativas se apiaden e lle dean unha axuda puntual pero sen fin.

Podemos resumir o trunfo do asistencialismo 2.0. en catro características:

1) Inmediatez: O asistencialismo é o aquí e o agora: dou alimentos a quen o necesita. Sen filosofías de fondo, sen deseño de proxectos. É unha economía de guerra.

Dado que hai unha crise continua (e case eterna) á que vencer enviemos tropas á fronte, deamos fusís e ás trincheiras, ou o que é o mesmo, repartamos roupa e comida e abandonemos os proxectos de desenvolvemento comunitario. Non se axuda á vencer a crise ou a pobreza, simplemente se acompaña.

2) Espectacularidade: Cun intelixente uso do lúdico: mediante ceas, concertos, mercadillos e actos solidarios, etc. visualiza as súas accións, recada fondos, fideliza personaxes populares. En definitiva, todo polo pobres pero sen os pobres.

Este despotismo ilustrado do social celebra cos incluídos pero nunca cos excluídos. Do mesmo xeito que nas ringleiras para entrega de alimentos so sorríe quen os entrega, ninguén parece darse conta de que resulta paradóxico encher restaurantes a favor de persoas que nunca entran neles. En palabras de Bob Geldof a raíz do éxito dos concertos Live Aid: *"o meu único mérito é facer da fame un espectáculo"*.

3º) Simpatía: O asistencialismo ten encumbrado a persoas voluntarias acrícticas como a quintaesencia da solidariedade. As súas accións non requiren de técnicos nin de graduados. O ensino de ciclos superiores de integración social ou animación sociocultural, graos en traballo social ou educación social, parecen inútiles: abonda con voluntarias que recollan, apilen e distribúan.

As entidades asistencialistas obteñen premios e recoñecementos que habitualmente lle son vedados a organizacións que traballan pola integración social: a visibilidade das súas accións, o seu voluntarismo cala na opinión pública.

Son organizacións queridas. Querer ao noso fontaneiro, compañía telefónica ou administración pública soa ridículo cando o que agardamos é a súa eficacia. Pero este non é o caso. Non se trata de que nos queiran, trátase de que sexamos eficaces.

4º) O cuantitativo: "Atendemos 25.936 persoas no 2016!". O asistencialismo é imbatible no numérico. A súa idea de "atender" pode reducirse a dar un quilo de arroz ou unha peza de roupa ou referirse a atencións continuadas pero os seus números sempre apabullan.

As descrições das actuacións están sempre cheas de cifras pero case nunca de resultados. Tende á fidelización de "usuarios" non á liberación de persoas: a súa filosofía parece ser a de cantas máis persoas atendemos mellores somos.

A resposta debe ser a medición de resultados. Ninguén confiaría nun Hospital fachendoso de que os seus residentes son os que pasan máis tempos encamados pero onde apenas hai altas.

A desgraza non é un espectáculo

Frente a este modelo que presenta con éxito ás persoas en pobreza como culpables da súa situación, dignas de magoa e permanentemente pasivas, resiste un modelo baseado na defensa dos dereitos, na participación activa das persoas e na súa inclusión activa.

No eido da comunicación compre salientar o **Código de Conduta da Comunicación contra a Pobreza**^{xiii}, que baixo o lema "**A desgraza non é un espectáculo**"^{xiv} se comprometeron a cumprir as 126 entidades de acción social integradas en EAPN Galicia-Rede Galega contra a Pobreza. E que se resume neste decálogo:

1. Respetar o dereito á intimidade e á propia imaxe, especialmente en acontecementos ou casos que xeren situacións de aflicción ou dor, evitando a intromisión gratuíta e as especulacións innecesarias.
2. Evitar expresións, termos e/ou imaxes estereotipadas. Non reforzar falsos mitos, visións xeneralizadas, morbosas ou sensacionalistas.
3. Contextualizar ás imaxes/mensaxes, evitando visións sesgadas e parciais, máis susceptibles de ser malinterpretadas.
4. Evitar mensaxes que apelen á compaixón ou á culpa, presentando as persoas en situacións de extrema vulnerabilidade ou sen capacidade para decidir por si mesmas. Débese respectar en todo momento a súa dignidade.
5. Sería convinte, sempre que sexa posible, poñer o aceno nas persoas, dándolle voz na súa propia historia e sendo protagonistas dela.
6. Promover o tratamento informativo da realidade coa que traballamos como problemas sociais, non como casuísticas illadas.
7. Difundir mensaxes positivas. Amosar logros, situacións de autonomía e empoderamento das persoas. Sen caer no dramatismo, a magoa ou a procura da mala conciencia. A desgraza non é un espectáculo.
8. Empregar unha visión inclusiva que represente a diversidade existente na sociedade.
9. Defender un tratamento ético da información, asumindo a veracidade e a transparencia como requisitos fundamentais da comunicación.
10. Ter como obxectivo último da comunicación o cambio social. Promover a implicación e a participación da cidadanía para logralo.

Compre destacar tamén iniciativas mais directas para loitar contra o discurso do odio, a aporofobia ou o desprezo en redes sociais, defendendo os dereitos das persoas e tentando presentalas de xeito realista e dende a súa dignidade

Campañas como a de *Ciberrespect*, impulsada por Ecos do Sur^{xv}, *Non nos xulgues* dende IGAXES para loitar contra os estigmas que padece a mocidade tutelada^{xvi} ou a campaña *Igrexa polo Traballo Decente*^{xvii} impulsada por diversas ONG católicas, son bos exemplos.

Dende o 17 de outubro (Día internacional para a erradicación da pobreza), a partires dunha declaración institucional unánime do Parlamento galego e durante todo o 2018 as entidades membro de EAPN Galicia desenvolverán unha campaña baixo a etiqueta #MentirasPobreza.

A pobreza e a exclusión como discapacidade social

Na loita contra a pobreza dende un enfoque de defensa de dereitos e respecto á dignidade tamén temos referentes exitosos de actuación. En multitude de procesos de cooperación ao desenvolvemento pero especialmente no eido da axuda humanitaria, onde a profesionalización e procedimentación son extremas para reducir ao máximo o número e vítimas.

Emerxencia, rehabilitación e desenvolvemento. Aplicar as tres fases do *continuum* humanitario (ou *contiguuum* para ser máis exactos, dado que as fases non son estrictamente secuenciais)^{xviii} axuda a visualizar o nefasto do modelo asistencialista.

Diante dunha catástrofe humanitaria nos primeiros seis meses a axuda de emerxencia e asistencial é prioritaria para salvar o máximo de vidas posibles. Dende os seis meses e ata os dous anos da traxedia a fase de Rehabilitación busca reconstruír as condicións previamente existentes (infraestruturas, economía, servizos, etc.) E o antes posible comeza a fase de desenvolvemento, con intervencións a longo prazo para mellorar a vida das persoas (ingresos, servizos, empoderamento, etc.) con criterios de análise da realidade, participación comunitaria, creación de capacidades locais, enfoque de xénero, etc.).

En España, no 2008 xa se falaba de emerxencia asistencial...No 2017 é posible manter este discurso sen recoñecer o seu rotundo fracaso?.

Dende o punto de vista máis técnico e dende Galicia, é imprescindible citar o desenvolvemento do modelo Incluíe^{xi}, e a súa aposta por unha atención de calidade no eido da inclusión social. Impulsado dende a Fundación Emaus co apoio e colaboración de numerosas expertas de organizacións sociais non asistencialistas e da administración pública galega.

Neste modelo, do mesmo xeito que no ámbito da discapacidade pasouse dun modelo médico ou rehabilitador a unha concepción social da mesma, facendo fincapé no carácter excluínte das estruturas sociais e na necesidade de adaptar esas estruturas ás características de todas as persoas, recoñecendo e valorando a súa diversidade, no ámbito da inclusión é tamén necesario desenvolver un modelo de "*discapacidade social*" que sen deixar de lado os factores individuais relacionados cos procesos de exclusión e inclusión promova a modificación das estruturas sociais que xeran desigualdade.

Os principios deste modelo son unha declaración de intencións do que debe ser unha inclusión social respectuosa coa dignidade e os dereitos das persoas^{xx}

1. Apostar pola activación, desde unha concepción multidimensional da inclusión e traballando outros aspectos ademais da empregabilidade (saúde, vivenda, relacións persoais, etc.)
2. Dereito das persoas en exclusión social a unha intervención de calidade.
3. Recoñecemento e respecto dos dereitos que asisten as persoas usuarias dos servizos sociais.
4. Acompañamento individualizado, autodeterminación das persoas usuarias e o seu control sobre os servizos que se lles prestan.
5. Perspectiva de xénero.

6. Desinstitucionalización, vivenda con apoio e atención na comunidade para todo tipo de persoas e colectivos.
7. Redución de danos e servizos de baixa esixencia. Renuncia á concepción lineal ou escalonada dos procesos de inclusión.
8. Apoios para a calidade de vida.
9. Coordinación interinstitucional e continuidade dunha atención centrada na persoa.
10. Participación e cidadanía activa das persoas en exclusión social
11. Implicación das entidades na comunidade na que operan.
12. Práctica baseada na evidencia e avaliación continua.

Non estamos ante unha crise temporal, senón ante un cambio de época onde debemos decidir ou consentir seguir avanzando cara a un modelo de privatización e individualización dos riscos sociais, onde cada cidadán debe buscarse a vida para asegurarse o seu benestar, ou cara a novas formas de socialización de riscos onde sigamos facéndonos cargo uns doutros e a cidadanía social sexa a proposta principal.

O discurso asistencialista é cómplice desta privatización, fomenta a culpabilización, a anguria e paradóxicamente, a insolidariedade.

Por qué modelo opta vostede? E a súa organización e parroquia?

ⁱ https://www.infolibre.es/noticias/opinion/2016/12/25/la_caridad_una_estafa_59157_1023.html

ⁱⁱ <http://dle.rae.es/srv/search?m=30&w=parasitar>

ⁱⁱⁱ <https://ec.europa.eu/info/sites/info/files/2017-european-semester-country-report-spain-es.pdf>

^{iv} https://economia.elpais.com/economia/2017/02/21/actualidad/1487707618_196831.html

^v <https://www.savethechildren.es/publicaciones/mas-solas-que-nunca>

^{vi} <http://eapn-galicia.com/es/a-recuperacion-non-chega-as-galegas-e-galegos-en-risco-de-pobreza-ou-exclusion/>

^{vii} <http://blogs.lavozdeg Galicia.es/nomepidancalma/2016/07/06/no-mas-juegos-del-hambre-para-tener-un-empelo-digno/>

^{viii} https://economia.elpais.com/economia/2017/04/25/actualidad/1493110323_6139

^{ix} http://eapn.es/noticias/278/Declaracion_Final_de_la_X_Asamblea_General_EAPN_ES

^x <http://eapn-galicia.com/participando-contraprejuizos-e-mentiras-pobreza/>

^{xi} <http://blogs.lavozdeg Galicia.es/nomepidancalma/2017/06/01/si-las-tolerantes-no-se-callaran/>

^{xii} https://elpais.com/elpais/2017/03/16/opinion/1489679112_916493.html

^{xiii} <http://eapn-galicia.com/a-assemblya-de-eapn-galicia-aproba-por-unanimidade-o-codigo-de-conduta-na-comunicacion-da-pobreza-e-a-exclusion-social/>

^{xiv} <http://blogs.lavozdegalicia.es/nomepidancalma/2015/06/07/la-desgracia-no-es-un-espectaculo/>

^{xv} <http://www.ecosdosur.org/ciberrespect>

^{xvi} <http://www.igaxes.org/acabemos-co-estigma-que-padece-a-mocidade-tutelada-nonosxulgues/>

^{xvii} <http://www.iglesiaporeltrabajodecente.org/>

^{xviii} <http://www.dicc.hegoa.ehu.es/listar/mostrar/226>

^{xix} <http://emausinclue.com/inclue/>

^{xx} Paxina 66: <http://www.emaus.com/pdf/1-%20Modelo%20INCLUE.%20vers%20cast..pdf>